

# V FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA

# VERTIXE SONORA

---

Sábado 25 novembro 20:00 h. | MARCO, Vigo  
LIMIAR DO ABISMO, Adam Starkie Collective LVSMC

Música para a fin dos tempos para clarinetista só

*“Acaso el ocaso nos haga caso y entonces habréis comprendido los signos de la noche. Habréis comprendido los inventos del silencio. La mirada del sueño. El umbral del abismo”.*

Vicente Huidobro

No *Cuarteto para o fin dos tempos*, obra seminal de Messiaen, a vida e o abismo son presentados como polos opostos. A imaxe do abismo no terceiro movemento “Abîme des oiseaux” (Abismo de paxaros) con “*as súas tristezas, as súas lasitudes*”; é contrarrestada con transcricións de exultantes cantos de paxaros. Da mesma maneira este programa propón unha travesía que comeza coa Creación e termina coa Fin dos Tempos a través das obras de Jesse Broekman, Daniele Bravi, Mic Spencer, Samuel Andreyev, Eric Skytterholm Egan e Richard Barrett.

JESSE BROEKMAN *To cause bones to be* (2017)\* para clarinete contrabaixo

DANIELE BRAVI *Aris* (2013)\* para clarinete baixo

MIC SPENCER *Ungrund II* (After Böhme) (2010)\* para clarinete e bombo de pedal

SAMUEL ANDREYEV *Passages* (2005)\* para clarinete

ERIC SKYTTERHOLM EGAN (*and the bombs keep Falling (in love)*) (2015)\*  
para clarinete contrabaixo

RICHARD BARRETT *Interference* (1996-2000)\*  
para clarinete contrabaixo, voz e bombo de pedal

\*estrea en España

Adam Starkie *clarinete*

---

## AS OBRAS

O título *To cause bones to be* (“*e ensamblarei ósos*”) de **Jesse Broekman** foi tomado do *Enuma Elish* (“*Cando no alto*”) un texto babilonio sobre o comezo dos Tempos. A obra explora a relación física que existe entre o interprete e o clarinete contrabaixo e consiste en densos patróns rítmicos creados pola interacción da voz, a lingua, a cana, os dedos e as chaves. Todos estes elementos son colleitados e unidos nunha entidade mais grande. Tropezándose, reptando e fluíndo, esta entidade ponse a si mesma en movemento e polo tanto en vida.

*Aris* de **Daniele Bravi** é un paseo poético que nos leva dun lugar a outro. Pequenas ideas repetidas preséntanse durante a nosa viaxe, evolucionando como un organismo vivente. O desenlace desta travesía é unha coral de multifónicos con solemnes alusións relixiosas que evocan paradoxalmente o nacemento e a morte.

O “*ungrund*” (sen-fondo) da obra *Ungrund II (after Böhme)* de **Mic Spencer** é un concepto extraído do traballo do místico e teósofo luterano alemán Jakob Böhme. O *Ungrund* segundo Böhme é o abismo: unha nada baleira e sen fondo cando un é enfrontado coa absoluta transcendencia de Deus. “*Para Böhme este baleiro, este escuro abismo, non é estéril e pasivo, senón activo e fértil, posuído por unha enerxía motivadora e polo Desexo... no “Sen-fondo” existe un potencial ilimitado con respecto a todo o que contén; non é unha perfección estática senón unha perfección dinámica e sempre crecente, sempre devindo, non sendo, pero sempre nun equilibrio perfectamente armonioso.*” (Waterfield, Robin, Jakob Böhme p. 27). Desta maneira o *Sen-fondo* existe antes da creación, como creación e despois da creación. Esta idea maniféstase na peza da

seguinte maneira: a sección introdutoria pode ser considerada un *sen-fondo* mentres que a sección final é o mesmo *sen-fondo* aínda coa inclusión do bombo; dunha maneira similar á noción, segundo Böhme, de que o *sen-fondo* despois de Deus contén a esencia do *sen-fondo* antes de Deus pero con características modificadas e un potencial ilimitado.

**Passages** de **Samuel Andreyev** ilustra de novo un movemento entre dous mundos aparentemente opostos. *Passages* alterna seccións lentas e rápidas. Nas primeiras créase unha impresión de tempo suspendido sen unha pulsación discernible e efectos dinámicos murmurados. As seccións rápidas presentan ritmos cunha pulsación, pero a velocidade do pulso primario cambia constantemente creando así arrebatos erráticos e salvaxes. Durante a parte final da peza un trino recorrente combate por existir nun abismo cada vez mais abatido.

**Falling** (*Caendo*) de **Eric Skytterholm Egan** é o pánico cego e a histeria que xorden cando nos precipitamos no descoñecido. Como o suxire o título completo, a miúdo sufrimos a mesma emoción xa sexa ao namorarnos (“*caer*” namorados) como ao caer no abismo, coma neste caso.

**Interference** de **Richard Barrett** comeza cun texto cantado en latín extraído do poema *De rerum natura* (*Da natureza das cousas*) de Lucrecio, o cal describe a repentina e violenta destrución do mundo. Con todo as circunstancias e razóns polas cales isto sucede son descoñecidas xa que as liñas que preceden ao fragmento escollido para a peza están, ata a data, perdidas. A parte central e de maior consecuencia da obra evidencia unha pugna entre o interprete, el mesmo e o clarinete contra baixo: “*Unha das miñas intencións primordiais era descubrir ou desenvolver un “virtuosismo” inherente ao instrumento e extrapolalo a un extremo case (?) absurdo.*” (Richard Barrett). O estridente pasaxe da sección introdutoria atopa un eco ao final que monta sen cesar ata chegar a un baleiro inaudible.

Adam Starkie

---

**Adam Starkie** estudou a carreira en interpretación en clarinete na Universidade de Leeds, Inglaterra. En 2005 decidiu continuar os seus estudos no Conservatorio de Estrasburgo, Francia, co clarinetista Armand Angster, obtendo o diploma de Especialización (Clarinete Contemporáneo), de perfeccionamento en Música de Cámara, a medalla en clarinete baixo e un Master en Interpretación Musical (Haute École deas Arts du Rhin), baseando a súa tese no papel da xestualidade na interpretación musical. Titular do Diplôme d’État en ensino musical especializada (École Supérieur deas Arts de Lorraine) realiza unha importante actividade pedagóxica en Francia.

www.adamstarkie.com  
Facebook: @collectivelvmsc

#### **LVSMC [lovemusic]**

Colectivo de artistas ao redor do flautista Emiliano Gavito e o clarinetista Adam Starkie

*“unha bela historia de amor contada en música, unha entre moitas outras? talvez a vosa!”*

... así é como Betsy Jolas describe a súa peza para frauta e clarinete baixo “*lovemusic*”. A súa peza forma parte da nosa historia e é unha máis entre moitas outras. Comezamos a promover e expandir o repertorio para esta formación pouco usual interpretando obras pouco coñecidas e comisionando novas pezas. Mais alá do noso traballo en dúo, o colectivo agrándase dependendo dos nosos proxectos: a nosa idea é simple; crear un colectivo libre de artistas que aman a música así como colaborar xuntos: *lovemusic*. O noso obxectivo é desenvolver e presentar programas innovadores que non sexan limitados por xero ou tipo de formación, senón que exploren conceptos estéticos e ideas creativas para producir un discurso alternativo e á vez coherente. Gozamos explorar diversos repertorios e o noso traballo en colaboración con compositores completa a nosa programación, ofrecendo así un punto de vista orixinal do presente.

Os nosos proxectos incluíron: *Dialogue en écho* unha exploración musical da luz e a sombra (Boulez, Saariaho, Uduman) para frauta, clarinete e electrónica, *Musica ambigua* onde a música contemporánea e a música barroca cruzan camiños (Tiensuu, Salonen, C.P.E Bach, Telemann, Vaughan) para frauta barroca, clarinete, clavecín e electrónica, *Cries of love and sorrow* unha exploración a omnipresencia do amor, xa sexa pola súa presenza ou pola súa ausencia (Lindberg, Hosokawa, Murail, Jolas, Furer) para frauta, clarinete e soprano, *Rauschen* espectáculo musical- arquitectónico ao redor do concepto do “*Muro*” en colaboración co colectivo *Léon* (Sciarrino, Ablinger, Andre, Jakober, Mochizuki) para violín, frutas, clarinetes, electrónica e dispositivo escénico.

Sempre ávidos de explorar as posibilidades interpretativas, non só dos nosos instrumentos, senón de novas tecnoloxías así como de técnicas de traballo escénico, traballamos constantemente en colaboración con diversos grupos e artistas tales como *Accroche Note*, *Ensemble Liminaire*, *Opera National du Rhin*, *Lina*, *Schwetzingen SWR Festspiele*, *Róterdam Ensemble*, *Jean-François Duroure*, *Compagnie Ostranenie*, *Ensemble de l’III*, *El perro andaluz*, *collectivo Léon*... feito que nos permitiu unha apertura e enriquecemento artísticos excepcionais. Sempre abertos a novas experiencias somos solicitados frecuentemente para participar en proxectos en Francia, Alemaña, Holanda, Inglaterra, México e Xapón.

---

PROMOVE:



Universidade de Vigo

vertixe  
sonora

PATROCINA:



CONCELLO  
DE VIGO



Vivimos nunha cidade fermosa

COLABORA:

